

NESTE CURSO ESCOLAR 2018/19 o colexio participa nun *plan de innovación educativa* chamado PLAN PROXECTA.

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa e favorecer a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo, cooperativo e en rede, do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, un dos principais obxectivos deste plan é promover a realización de proxectos interdisciplinarios que poidan servir de modelo de traballo ou de boa práctica, tanto para o propio centro en que se orixinan como para o resto da comunidade galega. NOS PARTICIPAMOS NO PROGRAMA:

Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral para o Deporte-Fundación Deporte Galego:

- 2. PDC (proxecto deportivo de centro) - CENTROS ACTIVOS E SAUDABLES (modalidades: PDC - DAFIS - Xogade - Máis e mellor actividade física - Móveté+, Camiña en bici á escola, Milla diaria)**

O NOSO OBXECTIVO PRINCIPAL É QUE O ALUMNADO FAGA MÁIS DEPORTE, TANTO EN HORARIO ESCOLAR COMO EXTRAESCOLAR:

- Mellorar os hábitos de vida saudables de toda a comunidade educativa facendo **1 hora mínima de ACTIVIDADE FÍSICA** ao día, como recomenda a OMS.



En PSICOMOTRICIDADE movémonos moito

- Facer participe á comunidade educativa na necesidade de fomentar **HÁBITOS DE ALIMENTACIÓN SAUDABLE**.



- Acercar aos escolares toda a oferta deportiva da comarca de Ferrolterra (visita dos **CLUBS DEPORTIVOS** de Narón)




Taller de bicicletas (Club Triatlón)

- Implicar ao noso centro nun PROXECTO DO CONCELLO “ **100.000 razones de peso**” para fomentar hábitos de alimentación, reducindo o consumo de azucre.

O.M.S RECOMENDA 25GR/DÍA

- Conseguir aumentar a participación nos camiños escolares seguros “AS PEGADAS” coordinados coa Policía Local.



Fomentar que os alumnos vaian camiñando, en bici, en monopatín...

- Levar ao centro o elaborado nun grupo de traballo do **CFR de Ferrol, CARDIOESCOLAS**, e elaborar menús saudables co nome de Dieta Ártabra.
- Participar en **XOGADE** (deporte escolar galego) e realizar **XORNADAS INTERCENTRO de Deportes Alternativos** mellorando as relacións sociais do alumnado.



Xogando ao Colpbol en As Pontes

COLEGIO	5º EP	6º EP
SANTA MARÍA	17	8
VIRXE DO MAR	25	25
MACÍNEIRA	8	11
A FRAGA	23	21
JORGE JUAN	18	19
PONTE XUBIA	17	20
SANTIAGO APÓSTOLO	15	10
MAGDALENA	A-18 B-17	A-20

- Traballar de forma práctica e significativa en C.N, mate... os hábitos alimentarios saudables a través da modalidade **MÁIS E MELLOR ACTIVIDADE FÍSICA**



En Ciencias Naturais vimos a cantidade de azucre que ten refrescos aplicando os conceptos matemáticos, pesamos, calculamos e analizamos.

- Conseguir que todo o alumnado participe nas saídas en bicicleta do equipo de **EDUCACIÓN VIAL** de Narón.



Gracias aos pais e nais pola vosa axuda

- Organización dun baile dirixida polo alumnado na que participa toda a comunidade educativa. A través da modalidade **MÓVETE MÁIS.**

Próximamente bailemos unha Muñeira intercentros. Uns ensaios.



- Dinamización dos **RECREOS** para que sexan máis **ACTIVOS**.

ESTE CURSOS ESCOLAR IMOS DINAMIZAR OS RECREOS DOUTRO XEITO. ÍMOLOS DIVIDIR EN TRES ZONAS:

* **PISTA POLIDEPORTIVA**(O horario do cadriño)

* **PATIO CUBERTO**

- Xogos de corda, de goma, peón ou trombo, pintar con xic de cores...

* **ZONA ENTRADA DE INFANTIL**

- Xogos populares: a raiuela, moneca ou mariola, as chapas...

TODOS OS ALUMNOS PODERAN IR A XOGAR ONDE QUEIRAN. HABERÁ TRES CAIXAS PARA O MATERIAL: UNHA CAIXA PARA OS BALÓNS, OUTRA PARA O MATERIAL DO PATIO CUBERTO,OUTRA PARA MATERIAL DA ENTRADA.

O monopatín é un éxito



Parécenos moi importante que no seu tempo de lecer os alumnos estean activos.

<u>MES</u> <u>Semanas</u>	<u>LUNS</u>	<u>MARTES</u>	<u>MÉRCORES</u>	<u>XOVES</u>	<u>VENRES</u>
1ª	MONOPATÍN 1º-2º	XOGOS POPULARES (Todos) - PANO - SOGA-TIRA	FÚTBOL 1º-2º	FÚTBOL 3º- 4º	FÚTBOL 5º -6º
2ª	MONOPATÍN 3º	XOGOS POPULARES (Todos) - PANO - SOGA-TIRA	BALONCESTO 1º-2º	BALONCESTO 3º- 4º	BALONCESTO 5º -6º
3º	MONOPATÍN 4º	XOGOS POPULARES (Todos) - PANO - SOGA-TIRA	BALONMANO O VOLEIBOL 1º-2º	BALONMANO O VOLEIBOL 3º- 4º	BALONMANO O VOLEIBOL 5º -6º
4ª	MONOPATÍN 5º-6º	XOGOS POPULARES (Todos) - PANO - SOGA-TIRA	BRILÉ O COLPBOL 1º-2º	BRILÉ O COLPBOL 3º- 4º	BRILÉ O COLPBOL 5º -6º
5ª	MONOPATÍN 5º-6º	XOGOS POPULARES (Todos) - PANO - SOGA-TIRA	FÚTBOL 1º-2º	FÚTBOL 3º- 4º	FÚTBOL